

GALICIA LITORAL

GALICIA *Litoral*

GUÍA DE AUTORIZACIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES
TURÍSTICAS, RECREATIVAS E DEPORTIVAS NO NOSO LITORAL

ÍNDICE DE CONTIDOS



EVENTOS: Definición e conceptos xerais

- 01_ Cando é necesario obter autorización para celebrar un evento ou actividade no litoral
- 02_ Cales son os requisitos para a celebración de eventos ou actividades no litoral
- 03_ Cal é a vixencia das autorizacións
- 04_ Cales son os principais requisitos da ocupación


SOLICITUDES E PRAZOS

- 05_ Quen pode solicitar a autorización e prazos para facelo
- 06_ Como presentar a solicitude
- 07_ Condicións para o outorgamento das autorizacións
- 08_ Outros elementos da autorización

CONTACTO

- 09_ Canle de atención telefónica e datos de contacto

ANEXO: normativa aplicable



EVENTOS:

Definición e conceptos xerais



01_ Cando é necesario obter autorización para celebrar un evento ou actividade no litoral?

O dominio público marítimo-terrestre está destinado, con carácter xeral, ao seu uso **público, libre e gratuíto** para os usos comúns e acordes coa natureza deste espazo, de conformidade coa lexislación de costas.

A Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, distingue entre o uso común xeral do dominio público marítimo-terrestre e aqueles usos que, polas súas características, requiren dun título administrativo habilitante.


En particular, o artigo 31 da dita lei establece que o uso común do dominio público marítimo-terrestre é libre, público e gratuíto para os usos comúns e conformes coa natureza deste ben, tales como pasear, permanecer, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar, pescar, recoller plantas e mariscos e outros actos semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo e que se realicen de acordo coas leis e regulamentos aplicables.

Pola súa parte, o artigo 51 dispón que estarán suxeitos a autorización aqueles usos do dominio público marítimo-terrestre nos que **concorran circunstancias especiais de intensidade, perigosidade ou rendibilidade, así como a ocupación do dominio público con instalacións desmontables ou con bens móbiles**.

Polo tanto, a necesidade de obter autorización administrativa depende das concretas características da actividade que se pretenda desenvolver e da concorrencia, se é o caso, das anteditas circunstancias previstas na normativa de costas. As restantes actividades que se desenvolvan no marco do uso común do dominio público marítimo-terrestre non están sometidas, con carácter xeral, á obtención dunha autorización administrativa previa.

02_ Cales son os requisitos para a celebración de eventos ou actividades no litoral?

Para coñecer os requisitos para a celebración de eventos ou actividades turísticas, recreativas ou deportivas no litoral cómpre determinar, en primeiro lugar, se o evento ou actividade vaise celebrar no dominio público marítimo-terrestre ou na zona de servidume de protección:



*PMVE: preamar máxima viva equinocial.
**BMVE: baixamar máxima viva equinocial.

i. No dominio público marítimo-terrestre (DPMT):

Nos tramos urbanos das praias poderán celebrarse os eventos de interese xeral con

repercusión turística previstos no artigo 66 do Regulamento Xeral de Costas, e no resto do dominio público marítimo-terrestre, poderán celebrarse eventos, actividades, xornadas, competicións ou campionatos, **cunha duración máxima de 15 días, sempre que se acredite a necesidade da súa situación no DPMT.**

Consideraranse **eventos de interese xeral con repercusión turística** os que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

- Os declarados como de interese turístico internacional, nacional, rexional ou local, polo órgano competente.
- Os eventos deportivos ou culturais que, aínda celebrándose de forma esporádica, teñan repercusión nacional ou internacional.

A catalogación dos tramos naturais e urbanos das praias de Galicia é a establecida no Anexo do [Decreto 38/2019](#), do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG núm. 72 do 12.04.2019).

ii. Na zona de servidume de protección (ZSP):

Na zona de servidume de protección, a celebración de espectáculos públicos e outras actividades recreativas ou deportivas que teñan unha data concreta, **dentro ou fóra do verán**, poderá autorizarse se cumpren co estipulado nos artigos 25 e 26 do Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

En concreto, son espectáculos públicos as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública, de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

Para os mesmos efectos, son **actividades recreativas** aquelas que ofrecen ao público,

persoas espectadoras ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.

03_ Cal é a vixencia das autorizacións?

As actividades ou celebracións reguladas nesta guía **terán carácter temporal**, coas seguintes condicións:

- No caso de celebracións de eventos para datas sinaladas, dentro ou fóra da tempada de verán, autorizaranse para o período concreto solicitado.
- As instalacións estarán vinculadas á actividade e exclusivamente nas datas sinaladas na solicitude.
- Para o caso de actividades na zona de servidume de protección, **vinculadas á utilización do dominio público marítimo-terrestre**, a autorización poderá outorgarse polo mesmo período de vixencia previsto na autorización outorgada que habilite tal utilización.

04_ Cales son os principais requisitos da ocupación?

Estes son os requisitos máis relevantes, **sen prexuízo doutras condicións establecidas na normativa vixente**:

- Só se permitirá ocupar o dominio público marítimo-terrestre para **actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización**. Esta ocupación deberá ser a mínima posible.
- As instalacións empregadas deben estar vinculadas á actividade, sendo **temporais e desmontables**.

Enténdese por instalacións de natureza desmontable aquelas que:

- i. Precisen como máximo obras puntuais de cimentación, que en todo caso non sobresaíran do terreo.
- ii. Estean constituídas por elementos de serie prefabricados, módulos, paneis ou similares, sen elaboración de materiais en obra nin emprego de soldaduras.
- iii. Poidan montarse e desmontarse mediante procesos secuenciais, podendo realizarse o seu levantamento sen demolición e sendo o conxunto dos seus elementos facilmente transportable.

Polo que se refire ao deseño e condicións das instalacións, procurarase unha adecuación paisaxística na contorna, de ser necesario mediante os materiais da envolvente e elementos funcionais exteriores. Así mesmo, velarase pola súa biosostibilidade no que se refire a eficiencia enerxética, tratamento de residuos e demais elementos.

- Establécense **limitacións á publicidade**, debendo cumprir co disposto no artigo 3.1 d) do Decreto 97/2019 e co artigo 81 do Regulamento Xeral de Costas, segundo corresponda:

Artigo 81. Publicidade.

*1. Prohíbese a **publicidade permanente** mediante rótulos ou carteis, ou por medios acústicos ou audiovisuais.*

Excepcionalmente, e suxeito ás condicións establecidas nos seguintes incisos, poderá autorizarse a publicidade sempre que forme parte integrante ou acompañe as instalacións ou actividades permitidas no dominio público marítimo-terrestre e sexa compatible coa súa protección (artigo 38.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo).

2. Poderá autorizarse a publicidade cando sexa compatible coa protección do

dominio público marítimo-terrestre e non prexudique o seu uso nin supoña un risco para a vida, a saúde ou a seguridade das persoas.

3. Non poderá autorizarse a publicidade por medios acústicos ou audiovisuais se interfere ou prexudica os usos comúns do dominio público marítimo-terrestre.

4. Poderase permitir a publicidade con carácter excepcional, de acordo co disposto no parágrafo 1, nos seguintes casos:

a) Rótulos identificativos de establecementos debidamente autorizados, sempre que se coloquen na fachada do edificio e non reduza o campo de visión creado polo volume do propio edificio ou instalación. Nas mesmas condicións, poderán permitirse rótulos ou carteis doutras marcas que se vendan no establecemento.

b) Valados publicitarios cuxa colocación sexa necesaria para a funcionalidade da instalación ou a realización de actividades.

c) Elementos publicitarios de patrocinadores de actividades recreativas ou deportivas debidamente autorizadas, sempre que se integren ou acompañen os elementos autorizados para a realización das devanditas actividades.

Os soportes publicitarios utilizados non poderán supoñer unha maior redución do campo de visión, xerar ruído ou vibracións, nin perturbar a harmonía da paisaxe.

- A persoa promotora deberá adoptar todas as medidas necesarias para **garantir a seguridade** das persoas participantes e espectadoras así como a integridade dos bens.
- Durante a celebración do espectáculo ou actividade deberanse adoptar as medidas necesarias **para garantir a integridade do dominio público**

marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume, con especial atención a evitar a vertedura de materiais contaminantes no medio natural.

- Calquera instalación **terá que ser retirada** ao remate do evento ou actividade, deixando os terreos en idénticas condicións ás preexistentes á súa celebración.



SOLICITUDES E PRAZOS

05_ Quen pode solicitar a autorización e prazos para facelo

A solicitude de autorización deberá presentarse pola administración ou persoa física ou xurídica responsable do evento ou actividade.

Tendo en conta que non é necesaria a emisión de informes técnicos no seo deste tipo de autorizacións, a solicitude non está suxeita ao pagamento de taxa administrativa.

Prazo de solicitude: durante todo o ano, cunha antelación mínima dun mes á data prevista de inicio do evento ou actividade.

06_ Como presentar a solicitude

06_01 Presentación electrónica (preferente)

As solicitudes de autorización presentaranse preferentemente de forma electrónica a través do procedemento MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Para a súa presentación poderanse empregar todos os sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica, incluída a Chave 365.

A solicitude deberá **dirixirse ao departamento territorial** da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente ao lugar no que se vaia desenvolver a actuación.

Obrigados á presentación electrónica

A presentación electrónica da solicitude é obrigatoria para:

- Administracións públicas distintas da propia Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades do sector público autonómico.
- Persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica e persoas que exerzan

unha actividade profesional para a cal requiran de colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional.

- Representantes dunha das persoas anteriores.
- Persoas empregadas das administracións públicas, nos trámites realizados na súa condición de empregado público no exercicio das súas funcións.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Considerarase como **data de presentación**, aquela na que fose realizada a emenda.

06_02 Presentación presencial (opcional)

Para quen non está obrigado á presentación electrónica, a solicitude poderá entregarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Nestes casos, tamén se utilizará o formulario normalizado, MT701A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

06_03 Selección do tipo da autorización

No formulario MT701A, deberase indicar o subtipo de autorización que se solicita, elixindo algunha entre as seguintes opcións:

a. Autorización de uso ou ocupación en dominio público marítimo-terrestre:

- Eventos

b. Autorización de uso en zona de servidume de protección:

- Eventos

No caso de que o evento implique a ocupación de dominio público marítimo-terrestre e da

súa servidume de protección, a persoa solicitante marcará no formulario ambas opcións.

06_04 Documentación complementaria

Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte **documentación complementaria**:

- a. Memoria descritiva do evento, das instalacións e duración máxima da ocupación (incluíndo montaxe e desmontaxe).
- b. Planos de definición en planta das actuacións, a escala adecuada.
- c. No caso de que o evento non sexa promovido polo concello, informe favorable deste que inclúa, de ser o caso, a declaración de interese xeral do evento.

07_ Condicións para o outorgamento das autorizacións

O título que se outorgue fixará as condicións pertinentes da ocupación. En todo caso, incluírán as relativas á superficie e tempo de ocupación física, así como a adopción de todas as medidas preventivas tendentes a evitar calquera afección ambiental e a garantir o mantemento do tramo de praia no estado anterior á ocupación.

08_ Outros elementos da autorización

08_01 Canon de ocupación do dominio público marítimo-terrestre

A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre.


En consecuencia, a persoa promotora deberá liquidar e aboar o canon pola ocupación do dominio público marítimo terrestre que determine o órgano competente da Administración do Estado (Demarcación ou Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico), en virtude do establecido nos

artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas.

08_02 Constitución de fianza

Para usos e instalacións na zona de dominio público marítimo-terrestre poderá esixirse a constitución dunha fianza, a favor do Departamento Territorial correspondente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, polo importe que se determine en función da ocupación solicitada. A dita fianza poderá manterse, se é o caso, ata que se complete correctamente a desinstalación, para responder do cumprimento das medidas preventivas tendentes a evitar calquera afección ambiental e, no seu caso, a execución subsidiaria dos traballos de levantamento das instalacións, limpeza completa do terreo ocupado e demais actuacións precisas para asegurar a integridade da praia.

Para o caso de solicitarse esta fianza, con carácter previo á resolución deberá acompañarse o documento acreditativo de tela constituído. No documento deberá constar a identificación da persoa interesada, a zona e o termo municipal en que pretenda prestarse o servizo.



CONTACTO



9_ Canle de atención telefónica e datos de contacto

9_01 Teléfono de información 012



Ponse a disposición das persoas interesadas unha canle de atención e información á cidadanía a través do **teléfono 012**, para facilitar o cumprimento dos trámites e dar asesoramento en materia de litoral.

9_02 Datos de contacto

Servizo do Litoral da Coruña

Teléfono: 881881018 / 981184716

Email: litoral.medio-ambiente.coruna@xunta.gal

Servizo do Litoral de Lugo

Teléfono: 982889729/ 982294394

Email: litoral.medio-ambiente.lugo@xunta.gal

Servizo do Litoral de Pontevedra

Teléfono: 986805654

Email: litoral.medio-ambiente.pontevedra@xunta.gal



ANEXO:
normativa aplicable



ANEXO: Principal normativa aplicable

Normativa autonómica

[Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia](#)

Establece as condicións para o outorgamento de autorizacións e concesións no litoral galego. Nomeadamente, os artigos 48 e 49 regulan os títulos de intervención administrativa que poden concorrer sobre os usos do dominio público marítimo-terrestre e a zona de servidume de protección.

[Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral](#)

Habilita o procedemento MT701A para a presentación de solicitudes e define os órganos competentes para a súa resolución.

[Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre \(código de procedemento MT701A e MT701B\)](#)

Regula as autorizacións temporais e de servizos de tempada na zona de servidume de protección



Normativa estatal

[Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas](#)

Determina, entre outros, o concepto de dominio público marítimo-terrestre e establece a regulación básica dos títulos habilitantes necesarios para o seu uso e ocupación.

[Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas](#)


Desenvolve a Lei de Costas regulando os procedementos e condicións aplicables ao uso do dominio público marítimo-terrestre. Os artigos 110 a 170 regulan o réxime xeral das autorizacións, concretándose nos artigos 113 e 114 as autorizacións para servizos de tempada nas praias, mentres que o seu réxime de utilización se establece nos artigos 65 a 84.

[Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral](#)

Entre outras funcións, traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión, supervisión e control das autorizacións de ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre.

[Orde de 30 de outubro de 1992 pola que se determina a contía do canon de ocupación e aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, establecido no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas](#)

Establece o canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, regulando a súa contía, pagamento, revisión e posibles exencións ou reducións.



XUNTA
DE GALICIA

